

A N U N C I O

Non téndose formulado reclamacións contra o acordo de aprobación provisional adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 15-05-12, elévase a definitivo o citado acordo relativo á ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE CAIXEIROS AUTOMÁTICOS E MÁQUINAS EXPENDEDORAS NAS FACHADAS DOS INMOBLES CON ACCESO DIRECTO DENDE A VÍA PÚBLICA, cuio texto íntegro e o seguinte:

ARTIGO 1.—FUNDAMENTO E NATUREZA

De conformidade coas facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, así como polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación co disposto no artigo 20 do mesmo texto legal, este Concello establece a taxa por Instalación de Caixeiros Automáticos e máquinas expendedoras nas fachadas dos inmobles con acceso directo dende a vía pública.

ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE

1.—Constitúe o feito impoñible da taxa o aproveitamento especial do dominio público que comporta a instalación polas entidades bancarias ou outras entidades de caixeiros automáticos e demais aparatos e máquinas expendedoras de que se sirven as entidades bancarias ou outras entidades para prestar seus servizos nas fachadas dos inmobles, con acceso directo dende a vía pública.

2.—A obriga de contribuir nace polo otorgamento da concesión da licenza administrativa ou dende que se realice o aproveitamento si se fixera sin a correspondente licenza, así como pola realización efectiva do aproveitamento á data de entrada en vigor da presente Ordenanza.

ARTIGO 3.—EXENCIONS

Non se concederá exención ou bonificación algunha á taxa regulada pola pesente Ordenanza.

ARTIGO 4.—SUXEITO PASIVO

1.—Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades que sinalan no artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria a cuio favor se otorguen as licenzas ou quenes se beneficien do aproveitamento, si se procedeu sen a oportuna autorización e en calquer caso, a entidade titular do caixeiro automático ou máquina expendedora.

2.—Terán a consideración de substitutos do contribuínte os propietarios dos edificios ou locais onde se ubiquen os aparatos ou caixeiros obxecto desta taxa.

ARTIGO 5.—RESPONSABLES

1.—Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.—Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e envides en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 6.—CUOTA TRIBUTARIA

1.—O importe da taxa prevista pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local se fixará tomando como referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada de dita utilización ou aproveitamento, si os bens afectados non foran de dominio público.

2.—A cuota tributaria consistirá na cantidade resultante de aplicar a tarifa regulada no artigo seguinte.

3.—Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leva aparexada destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen perxuízo do pago da taxa á que houbera lugar, virá obrigado ao reintegro do coste total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e o depósito previo do seu importe.

Si os danos foran irreparables, a entidade será indemnizada en contía igual ao valor dos bens destruídos ou o importe do deterioro dos danados.

O Concello non poderá condoar total nin parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire o presente apartado.

ARTIGO 7.—TARIFA

1.—A contía da taxa regulada nesta Ordenanza, será a fixada nas tarifas contidas no apartado seguinte: Tarifa/Concepto/Unidade de adeudo.

- Por caixeiro automático/ano/500 euros.
- Por outro tipo de máquina expendedora/ano/300 euros.

ARTIGO 8.—PERIODO IMPOSITIVO E DEVENGO

1.—O período impositivo coincide co ano natural, agás no caso de primeira utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público. Neste caso o período impositivo comezará o día no que se solicite a oportuna licenza ou no que se produza dita utilización ou aproveitamento.

2.—A taxa devengarase o primeiro día do período impositivo.

3.—O importe da cuota do imposto non se prorrateará nos casos de primeira solicitude ou baixa definitiva no padrón.

ARTIGO 9.—DECLARACIÓN E INGRESO

As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados na presente Ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licenza, á solicitude deberán acompañar:

1.—Autoliquidación correspondente ao primeiro exercicio calculada en función do uso que se solicita, os metros lineais solicitados e as vías que se solicita ocupar.

2.—Plano detaiado da ubicación do caixeiro automático.

Os servizos técnicos do concello comprobadas as declaracións formuladas proporán ao órgano competente a concesión ou non da licenza correspondente.

No caso de denegarse a autorización, o concello devolverá o importe ingresado.

No caso de concederse a licenza, o interesado integrarase no padrón da taxa.

Para os exercicios seguintes o concello notificará colectivamente as sucesivas liquidacións mediante edictos que así o advirtan de acordo co prevenido no artigo 102 da Lei Xeral Tributaria.

Non se consentirá a ocupación da vía pública ata que se houbera abonado a autoliquidación inicial e se houbera obtido a correspondente licenza polos interesados.

O incumprimento deste mandato poderá dar lugar á non concesión da licenza sen perxuízo do pago da taxa e das sancións e recargos que procedan.

As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da licenza.

O concello notificará a liquidación correspondente ás máquinas en funcionamento á aprobación da presente Ordenanza.

ARTIGO 10.—INFRACCIÓN E SANCIÓN

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas corresponden en cada caso, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza aprobada polo Pleno da Corporación, entrará en vigor o día da súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia” permanecendo en vigor ata súa modificación ou derogación expresa.

Contra a presente disposición xeral os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ponteareas, a 27 de xullo de 2012.—O Alcalde, Salvador González Solla.

2012007694